



AGOSTO 2025

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en establecementos hoteleiros. Agosto 2025

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24
VIAXEIROS	13.828.672	1,5%	752.106	-2,2%
NOITES	48.181.913	0,9%	1.625.099	-2,5%
ESTADÍA MEDIA	3,48	-0,6%	2,16	-0,3%
% OCUPACIÓN	75,53%	-0,01	67,46%	-1,80
ADR	155,7 €	6,1%	97,1 €	6,2%
RevPAR	125,0 €	6,9%	67,9 €	2,9%

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

Neste mes de agosto o INE estima que abriron en Galicia algo máis de 1.800 establecementos hoteleiros –cifra levemente inferior á do pasado ano 2024–, que ofertaron máis de 76 mil prazas –dato que en termos globais mantense en niveis parellos aos do pasado ano–.

Amósanse a continuación os principais resultados deste oitavo mes de 2025:

- O segmento hoteleiro de Galicia rexistra neste mes de agosto algo máis de 752 mil viaxeiros aloxados e máis de 1,6 millóns de noites nos establecementos hoteleiros, cifras que fican por debaixo dos valores do pasado ano. En particular, o volume de noites decrece un 2,5% como consecuencia dun descenso paralelo da cifra de viaxeiros aloxados –do 2,2%– nun contexto de estabilidade da estadía media –a variación é do 0,3% neste caso–.
- A pesar deste descenso, o primeiro nos últimos cinco anos, o nivel de demanda mantense por encima de 1,6 millóns de pernoctacións por cuarto ano consecutivo, circunstancia que fala en realidade de certa estabilidade no medio e longo prazo. Desde 2022 o número de noites hoteleiras en agosto apenas presenta diferenzas significativas manténdose no contorno de 1,62 millóns en 2022, 2023 e agora en 2025, e subindo a 1,67 millóns xustamente o pasado ano 2024 –o máximo da serie histórica–.
- Antes da pandemia os niveis habituais situábanse entre 1,5 e 1,6 millóns de noites.
- No lado dos viaxeiros aloxados obsérvase un comportamento tamén negativo, rexistrando unha caída do 2,2% que en realidade deixa o volume final por encima dos 750 mil por segundo ano consecutivo, sendo así a segunda cifra máis elevada de toda a serie histórica.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo variable nas diferentes comunidades autónomas sendo maioría as que presentan dinámica positiva. Boa parte delas, oito en particular, conseguen superar os niveis de demanda do pasado ano, con maior intensidade A Ríoxa –cunha suba do 19%– e Castela A Mancha –cun crecemento do 8% interanual–. Acompañan neste grupo o País Vasco e Madrid –ambas cun incremento do



contorno do 4%-, Canarias -co 3%- e outros destinos do mediterráneo peninsular - Murcia, Andalucía e a C. Valenciana, esta última coa suba de menor intensidade-.

- Catro destinos mantéñense en niveis parellos aos do pasado ano mentres que os cinco restantes, entre os que se atopa Galicia, presentan caídas en relación ao pasado ano - máis suave en Cataluña e de maior intensidade en Extremadura-. Neste grupo colócanse tres das catro comunidades da España Verde -Asturias e Cantabria, xunto con Galicia-. Só o País Vasco consegue resultados positivos -coa terceira taxa de crecemento máis alta- neste mes de agosto.
- Galicia colócase por tanto nunha posición baixa no ranking de variacións interanuais -no grupo de destinos con dinámica negativa-, cunha taxa de variación parella á rexistrada en Cantabria, e inferior á media do conxunto do Estado -onde se observa un crecemento medio do 1,0%-.
- No lado dos viaxeiros aloxados Galicia rexistra unha variación parella á de Asturias, cunha taxa tamén inferior á media do conxunto do Estado. Sitúase nunha posición tamén baixa no ranking a nivel estatal, mellorando o comportamento de tan só dous destinos - Cantabria e Extremadura-.
- En termos de volume Galicia sitúase neste mes na sétima posición absorbendo o 3,4% do total estatal. Mantén a posición dos últimos tres meses e gaña un posto en relación ao observado en abril e tres respecto de xaneiro e febreiro, recuperando a súa posición habitual no contexto estatal.
- A nosa comunidade colócase neste mes por detrás dos principais destinos do Estado que son, por orde de importancia, Baleares -lidera por cuarta vez consecutiva neste ano o ranking estatal con preto de 11,4 millóns de noites-, Cataluña -con pouco máis de 8,8 millóns-, Andalucía -con preto de 7,6 millóns-, Canarias -con case 7,1 millóns-, a C. Valenciana -con preto de 4,1 millóns- e Madrid -con algo máis de 2,1 millóns neste caso-.
- Estas seis comunidades absorben o 85% do total da demanda do conxunto do Estado. Só Baleares, que se coloca por cuarta vez consecutiva como destino líder a nivel estatal - substituindo a Canarias que liderou o ranking de novembro do pasado ano a abril deste 2025-, representa o 24% do total de España -porcentaxe similar á dos últimos meses-.
- A continuación deste grupo principal de seis destinos sitúase xustamente Galicia, por diante das restantes comunidades autónomas.
- O 79% das noites hoteleiras corresponden ao turismo de ámbito nacional, segmento no que ten un maior peso o receptor -españóis que proceden doutras comunidades autónomas pois representan o 64% do total-. Así pois, dúas de cada tres noites nos hoteis e pensións de Galicia corresponden aos españois que veñen de fóra da comunidade -porcentaxe similar á do pasado ano-.
- O mercado interno, dos residentes en Galicia, absorbe o 15%.
- Neste mes destaca tamén en volume e peso o mercado internacional pois representa o 21% do total da demanda hoteleira -segmento que unha vez máis supera en volume e peso ao dos residentes na comunidade-.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento relativamente parello neste mes. Así, en agosto descende tanto o turismo de ámbito nacional -nun 1,5% o interno e nun



1,7% o que procede do resto do Estado- coma o internacional -con relativa maior intensidade, nun 5,8% neste caso-.

- O comportamento negativo da demanda hoteleira neste mes de agosto ten, por tanto, un carácter homoxéneo por canto afecta aos tres grandes segmentos de mercado, con maior intensidade o estranxeiro.
- Con esta dinámica o mercado internacional rompe coa tendencia de crecementos consecutivos nos últimos catro meses, de abril a xullo, e repite o comportamento observado no inicio deste ano. Cunha perspectiva de longo prazo obsérvase que, a pesar desta caída, consegue manter por terceiro ano consecutivo o nivel de demanda de agosto por encima das 330 mil pernoctacións, rexistrando en realidade a segunda cifra máis elevada de toda a serie histórica.
- Tal circunstancia vén como consecuencia de variacións dispares nos principais mercados, tanto na dirección como na intensidade. Así neste mes descende o turismo procedente de Portugal -principal país de orixe agora en agosto, igual que en xullo e substituíndo a EEUU que liderou o ranking nos dous meses anteriores- pois rexistra unha caída do 6% no número de noites. Acompañan a esta dinámica negativa dous dos principais mercados de proximidade -o francés e o italiano-, con caídas do 7% o primeiro e do 30% este último.
- En contraposición a isto obsérvase certa estabilidade dos mercados estadounidense e alemán, e crecemento daqueles europeos de orixe anglosaxón -con subas do 6% para o irlandés e do 18% para o británico-.
- Apréciase, por tanto, un comportamento variable do mercado internacional que non responde a ningunha pauta concreta, se ben no caso do portugués regresa a unha dinámica negativa -igual que en maio, e no inicio de ano- logo de rexistrar crecementos nos dous últimos meses así como no bimestre marzo-abril. Destaca tamén a caída dos mercados francés e sobre todo o italiano e, no lado contrario, os crecementos dos mercados británico e irlandés.
- O mercado receptor nacional, con 1,04 millóns de noites, mantense por quinto ano consecutivo por encima do millón de pernoctacións -o máximo da serie acádase en 2021, inmersos aínda na pandemia, con 1,1 millóns de noites-.
- Este último presenta unha dinámica máis parella dos principais mercados, con descensos xeneralizados e algunha excepción concreta. Xustamente é o principal mercado -Madrid- un dos que marca caída da demanda neste mes -do 4,3%- , acompañado de Andalucía, Cataluña e a C. Valenciana -os mercados máis distantes-. En cambio, os mercados de proximidade presentan mellor comportamento, con incrementos do 1% para aquel con orixe en Castela e León, do 3% o vasco e do 9% o asturiano.
- O turismo interno presenta unha dinámica parella pois presenta unha leve caída do 1,5% que mantén en todo caso o volume de pernoctacións no contorno das 250 mil -neste caso, aínda que con pequenas diferenzas, supón unha das cifras máis baixas dos últimos dez anos-.



- As pequenas diferenzas de intensidade na variación do número de noites apenas provoca cambios de peso e, en consecuencia, da estrutura da demanda segundo a procedencia. Así neste mes mantense estable o peso do mercado interno, sobe levemente o receptor nacional -en pouco máis de medio punto porcentual- e descende, en cambio, a cuota do turismo internacional -en 0,7 puntos porcentuais neste caso-.
- Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que, en realidade, a estrutura da demanda apenas variou nos últimos tres anos, con arredor do 64% do total para o mercado receptor nacional, o 21% para o internacional e arredor do 15% para os residentes en Galicia.
- A nivel territorial o comportamento da demanda hoteleira é neste caso algo variable. Mellora unicamente en Lugo -cunha suba do 1%- , mantense estable en A Coruña e descende nas provincias do sur: nun 3% en Pontevedra e nun 16% en Ourense.
- Co 44% das noites hoteleiras Pontevedra lidera por segunda vez consecutiva desde o verán pasado o mercado turístico hoteleiro neste mes de agosto -substitúe a A Coruña que na temporada media e baixa lidera o mercado na comunidade, e consolida a posición habitual do período estival-. Segue a continuación xustamente A Coruña, co 38%, por diante de Lugo e Ourense -co 13% e 5% do total, respectivamente-. Mantense agora en agosto a concentración da demanda nas provincias do litoral atlántico -o 82% das noites localízanse en A Coruña e Pontevedra, cun reparto desigual entre ambas-.
- A nivel das categorías hoteleiras o comportamento da demanda é tamén negativo na maior parte dos segmentos pois descende o número de noites en todos eles coa única excepción das pensións de tres e dúas estrelas -presentan un incremento do 5,3% en relación ao mes de agosto do pasado ano-. As caídas son relativamente suaves nos hoteis de dúas e tres estrelas -do contorno do 1%- e máis acusadas nos hoteis dunha estrela -do 7%- e pensións dunha estrela -rexistran un descenso do 8% neste caso-.
- Isto da como resultado que o nivel de demanda descende un 3% no conxunto dos hoteis mais mantense estable nas pensións.
- O conxunto dos hoteis representa o 79% do total da demanda -sendo maioritario o segmento de catro e cinco estrelas pois absorbe o 30% do total das noites-, ficando o 21% restante no ámbito das pensións.
- A estadía media nos hoteis e pensións de Galicia sitúase en preto de 2,2 noites, cifra que se mantén estable en relación ao pasado ano. É o segundo ano consecutivo no que a estadía media se coloca levemente por debaixo de 2,2 noites, manténdose así no nivel máis baixo desde 2015.
- A estadía media en Galicia sitúase nunha posición media no conxunto do Estado -supera o dato de sete destinos-. Canarias, con 6,7 noites, marca a cifra máis elevada. No lado contrario o valor máis baixo queda en A Rioxa e Castela e León, ambas con 1,6 noites de media.
- A nivel territorial e dentro de Galicia a estadía media varía entre provincias. O valor máis alto localízase nos hoteis e pensións de Pontevedra, con 2,6 noites de media, e pola contra a cifra máis baixa queda no segmento hoteleiro de Lugo, con 1,8 noites neste caso.



- Obsérvanse tamén diferenzas a nivel das categorías hoteleiras. Neste mes, igual que nos catro últimos e ao contrario dos anteriores, a estadía media acadou os valores máis altos nos hoteis de catro e cinco estrelas -con arredor de 2,5 noites- e, pola contra, os máis baixos nas pensións dunha estrela -con 1,5 noites neste caso-, cunha variabilidade intermedia correlacionada coa categoría do aloxamento. Contrasta isto co observado en meses anteriores a abril cando xustamente as pensións dunha estrela acadaban a cifra de estadía media máis alta de todas as categorías hoteleiras.
- O descenso do nivel de demanda en relación ao pasado ano acontece nun contexto no que o volume de oferta se mantén estable -a variación é do 0,2% en particular-. Isto leva a unha suave caída dos niveis de ocupación en relación ao 2024 -de case dous puntos porcentuais-, para situarse no 67,5% de media. A pesar deste descenso o nivel de ocupación de agosto mantense por quinto ano consecutivo -e oitavo nos últimos dez- por encima do 65%, configurando con isto unha evolución relativamente estable no longo prazo.
- Este descenso coloca o dato de Galicia nunha posición media no ranking estatal mellorando a cifra de oito comunidades autónomas -mellor posición que en meses anteriores-. Baleares marca agora en agosto, por quinto mes consecutivo, a porcentaxe máis elevada cun 89,6% de media -Canarias liderou o ranking estatal de outubro a marzo-. No lado contrario a porcentaxe máis baixa queda en Castela A Mancha -co 38,6% de media-.
- As tarifas hoteleiras sitúanse neste mes en 97,1 euros, cifra que supera o dato do pasado ano -nun 6,2%- así como a cifra de 2019 -nun 36% neste caso-. É a cifra máis elevada da serie histórica do mes de agosto. Descontando o efecto da inflación obsérvase que en realidade as tarifas hoteleiras soben igualmente pero con menor intensidade -o dato da inflación media en Galicia neste oitavo mes sitúase no 2,5%-.
- En termos comparativos a nosa comunidade sitúase tamén nunha posición media a nivel estatal -mellora o dato de seis destinos-. Baleares, con 211,3 euros, presenta as tarifas máis elevadas neste mes. No lado contrario Castela A Mancha marca o valor máis baixo, con 72,0 euros neste caso.
- A caída dos niveis de ocupación -o grao de ocupación por habitacións descende un 1,4%- acontece, por tanto, nun contexto de crecemento das tarifas hoteleiras -do 6,2% neste caso-. Isto leva a unha mellora parella dos niveis de rendibilidade hoteleira en relación ao pasado ano -crece un 2,9%-, situando o RevPAR hoteleiro en 67,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible -a cifra máis alta da serie histórica-. Nunca antes o nivel de rendibilidade superara os 66 euros neste oitavo mes do ano.
- Galicia fica neste ámbito tamén nunha posición media respecto do observado nas restantes comunidades autónomas -mellora o dato de seis destinos-. Con 194,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible Baleares marca tamén neste mes o nivel de rendibilidade máis elevado do conxunto do Estado.
- Con estas cifras estímase que o sector hoteleiro obtivo uns ingresos totais nominais de 84,7 millóns de euros no mes de agosto, cifra que a grandes trazos supera nun 4,3% o dato do pasado ano. Con este incremento supera tamén toda a serie anterior a 2024, ficando así como a cifra máis alta da serie histórica.



ANEXO – GRÁFICAS

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Agosto 2015-25




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Agosto 2025/24






Fig. 3. Principais mercados no ámbito hoteleiro. Agosto 2025




Fig. 4. Variación da demanda dos principais mercados no ámbito hoteleiro. Agosto 2025/24




Fig. 5. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Agosto 2025/24




Fig. 6. Variación da demanda por segmentos hoteleiros. Agosto 2025/24






Fig. 7. Evolución da estadía media. Agosto 2015-25




Fig. 8. Evolución do nivel de ocupación hoteleiro. Agosto 2015-25






Fig. 9. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Agosto 2014-25




Fig. 10. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Agosto 2014-25

